

V XORNADA

eXXPERIMENTA
en feminino

Divulgación en Ciencia, Tecnoloxía,
Enxeñaría e Matemáticas

Con motivo do 11 de febreiro
Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia



Universidade de Vigo

V Xornada de Divulgación en Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

Destinatarios: Alumnado da provincia de Ourense e público en xeral

Data: venres 11 de febreiro de 2022

Hora: 11.30 - 17.00 h

Lugar: Rúa do Paseo, Ourense

Programa

Ven co cole ou cos teus pais á feira *eXXperimenta en feminino*, nela poderás descubrir a maxia da ciencia da man das investigadoras do Campus de Ourense.

Unha oportunidade única que de seguro che permitirá aprender máis sobre a ciencia e as científicas.

Horario

11.30 h	Apertura da feira <i>eXXperimenta en feminino</i> .
11.30-17.00 h	Actividades científicas para todas as idades.
17.00 h	Peche da feira.

Contacto

Enderezo electrónico: exxperimentaenfeminino@uvigo.gal

Actividades

1. Vendo o invisible

Grupo *MundoMICRO*, Microbioloxía

- Ver microorganismos da auga.
- Presentar aos nosos compañeiros invisibles, para ben e para mal.
- Os problemas do abuso dos antibióticos e da xeración de resistencias a eles.

2. Quimirizando: Química&Valorización

Grupo *BioMACRO*, Enxeñaría Química

- Na busca do valor oculto da biomasa.
- Contra o envellecemento celular: antioxidantes naturais e hidroxeles.
- Alimentando o noso segundo cerebro: obtención de prebióticos.
- MegaBlocks: obtención de compostos base para a enerxía do futuro.

3. A maxia do solo

Grupo *TERRA*, Xeografía, Edafoloxía e Química Agrícola

Pequenos experimentos que amosan as propiedades do solo.

4. A cor na ciencia

Grupo *COLORCHEM*, Nutrición e Bromatoloxía

- Separación de colorantes alimentarios.
- Crea o teu arco da vella nunha botella.

5. Resolver o quebracabezas do clima

Grupo *Ephyslab*, Física da Terra

Actividades para mostrar como a Física nos axuda a entender a meteoroloxía e o cambio climático

- Como se forman as nubes e os tornados?
- Canto pode subir o nivel do mar?

6. Descubrindo a sustentabilidade na agricultura e na apicultura

Grupo *Biología Vexetal*

- Coñecer a orixe do mel para obter un produto de calidade diferenciada e métodos de loita *insectfriendly* contra a *Vespa velutina* para unha apicultura sostible.
- Alternativas sostibles para a diminución do emprego de fitosanitarios no cultivo da pataca.
- Uso de variedades resistentes a enfermidades fúxicas e emprego da aerobioloxía e axuste de modelos de predicción.

7. Como voa un avión?

Grupo *AeroeXXperimenta*

A aerodinámica dos avións: simulación nun túnel de vento.

8. Ti podes programar!

Grupo *Informática, Linguaxes e Sistemas*

Aprender a programar con ferramentas sinxelas que permitirán crear pequenos videoxogos ou dirixir avatares.

9. Saúde e Ciencia

Grupo *Enfermería*

- Coñeces o teu grupo sanguíneo?
- Canto ar tes nos pulmóns?
- Lavas ben as túas mans?
- Sabes que podes salvar unha vida?

10. Sacar partido do residuo

Grupo *SosVal*

Sabías que os residuos poden ter unha segunda vida?